



A Ribeira Sacra é un lugar cunha beleza natural, alí é onde se atopan as ribeiras e as súas respectivas adegas. Podemos observar o traballo e as dificultades que teñen que afrontar os traballadores polas diferentes localizacións das ribeiras.

A Ribeira Sacra conta con rutas de sendeirismo de distintas dificultades e duración, todas teñen en común a gran beleza das paisaxes, ademais de diferentes elementos de interese turístico. Tamén congrega unha importante concentración de arte románico.

Unha das maneiras máis bonitas de poder ver a Ribeira Sacra é ir ata a aldea de Belesar e facer unha ruta no Catamarán, que fai un percorrido polo río Miño. Pola Ribeira Sacra pasa o Camiño de Inverno.

Quizais os que vivimos aquí non valoramos o que temos e o valor que ten esta natureza, mais eu recomendo visitala, esa natureza aporta paz e tranquilidade.

Eu por primeira vez o ano pasado fixen o percorrido no Catamaraán e quedei encantada, ten unhas vistas espetaculares e quedei cunha tranquilidade total, afirma unha veciña da vila.

